

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[Abandona a sesión sendo as 13h50min, durante o transcurso do asunto relativo ao punto 11 da orde do día, rogos e preguntas]

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e doce minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asisten:

D. Pedro Amado Sanmartín.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Secretaria

D^a. Ana Ramos Ramos.

Intervención

D^a Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.07.2018.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 27.08.2018.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.07.2018.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 27.08.2018.



(Expediente TEdC: 2018/G006/000139)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 26.07.2018.
- Extraordinaria e Urxente de 27.08.2018.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 26.07.2018.
- Extraordinaria e Urxente de 27.08.2018.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, á luns 24 de setembro de 2018. "

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto dos borradores das actas das sesións que se someten a aprobacións e di que quere facer constar que na acta do pleno extraordinario, cando pregunta o Sr. Crespo sobre o tema da fiscalización do convenio a señora interventora fai constar que era necesaria esa fiscalización e que non se lle deu traslado e polo tanto xa, aproveito agora para indicar que se traslade o expediente para emitir os informes que sexan oportunos.

Non habendo outras intervencións, sométense a votación dos borradores das actas:

- **Borrador da acta da sesión ordinaria de 26.07.2018.**

Queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.07.2018.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- **Borrador da acta da sesión ordinaria de 26.07.2018.**

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro., D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez. e Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **2 abstencións** de Dna. Raquel Caruncho Corral e Dna. Silvia Fornos Permuy por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador da acta se somete a aprobación., o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Extraordinaria e Urxente de 27.08.2018

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO"

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 24 DE SETEMBRO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000010

SESIÓN Nº: 31/2015-2019

2.- ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.

Incoado procedemento de nomeamento de xuíz de paz do Concello de Ponte deume por medio de acordo do Pleno da corporación de data 26/07/2018.

Tendo en conta que se publicou segundo se establece preceptivamente anuncio, que obra no expediente, tanto no Boletín Oficial da Provincia nº 156 de 17.08.2018 e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente.

Con data 07/09/2018 finalizou o prazo de presentación de solicitudes presentándose en tempo e forma as seguintes:

Data	Nº rexistro	Interesada	DNI
22/08/2018	2018000000038493849	Francisco Javier Sande Rodríguez	76414448 F
22/08/2018	2018000000038493850	Francisco J. Saavedra Díaz	36078371L

Considerando a Lexislación aplicable seguinte:

— Os artigos 4 a 6, 20, 21 e artigo 28 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

— Os artigos 99 a 103 e artigo 395 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

— Os artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terase en conta o indicado no informe da Secretaría municipal en canto ao procedemento aplicable e a lexislación a seguir emitido no seo do presente expediente en data 16/07/2018.



Visto canto antecede, procede a súa aprobación por maioría absoluta do Pleno da corporación, de ahí que, tendo en conta a posibilidade que refire o artigo 102.3 do RD 2568/1986 de que a votación para elección ou destitución de persoas se leve a cabo por votación secreta, sométese a **DITAME** da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: Proceder a votación secreta dos candidatos á Xuíz de Paz de Pontedeume do que resulta o seguinte resultado, tendo en conta que o candidato elixido o é pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación:

- Francisco Javier Sande Rodríguez. DNI: 76414448F. Nº votos=
- Francisco J. Saavedra Díaz. DNI: 36078371L. Nº votos=

SEGUNDO. Nomear a D/D^a _____ con NIF _____, domiciliado en _____, como Xuíz de Paz substituto de Pontedeume.

TERCEIRO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, na data indicada na marxe"

Os membros presentes **ACORDAN ABSTERSE E APRAZAR A VOTACIÓN** da proposta de candidato no seo da Comisión Informativa para a sesión Plenaria, a realizar conforme ao contido da proposta."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se hai un baremo para a valoración, ao que se lle contesta que non, que é a elección dos concelleiros e concelleiras.

De seguido, o Presidente somete a votación a proposta, sendo o resultado o seguinte:

PRIMEIRO: Proceder a votación secreta dos candidatos á Xuíz de Paz de Pontedeume do que resulta o seguinte resultado, tendo en conta que o candidato elixido o é pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación:

- Francisco Javier Sande Rodríguez. DNI: 76414448F. Nº votos= 2.
- Francisco J. Saavedra Díaz. DNI: 36078371L. Nº votos=7.
- Votos en blanco: 1.

SEGUNDO. Nomear a D Francisco J. Saavedra Díaz con NIF 36078371L, domiciliado en Esteiro nº1, Edificio Tenreiro, Portal 3, Baixo Dereita, como Xuíz de Paz substituto de Pontedeume.

TERCEIRO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.-RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME. PARCIAL 1.2018.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 24 DE SETEMBRO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000010

SESIÓN Nº: 31/2015-2019

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME. PARCIAL 1.2018.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME. PARCIAL 1.2018

(Expediente TEdC: 2018/G006/000132)

Visto o "INVENTARIO DE PATRIMONIO DEL CONCELLO DE PONTEDEUME", con Rexistro de entrada municipal de data 19/12/2012 nº 7473.

Visto que por medio de acordo plenario de data 16/12/2015 acórdase entre outros, a aprobación do inventario de bens municipais.

Tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 31/05/2016 no que se acordaba a mutación demanial do Grupo Escolar Vilar Campolongo e a adhesión ao convenio de vivendas baleiras entre o IGVS e a FEGAMP que finalizou coa resolución da Dirección Xeral de centros e recursos humanos da Consellería de Cultura, educación e ordenación universitaria de data 15/02/2017 na que se autorizan a desafectación da escola por entender que non é necesaria para o uso educativo ao que están destinados e se afectan a uso social para destinar a vivenda en réxime de aluguer, correspondentes á ficha de ben inmovible edificado do inventario municipal número 1INM06900017

Tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 26/10/2017 en relación á Desafectación da Escola unitaria Boebre e do Grupo escolar Vizús-Centroña, que finalizou coa resolución da Dirección Xeral de centros e recursos humanos da Consellería de Cultura, educación e ordenación universitaria de data 11/12/2017 na que se autorizan a desafectación de ambas escolas por entender que non son necesarios para o uso educativo ao que están destinados e se afectan a uso social correspondentes ás fichas de bens inmobles edificados do inventario municipal números 1INM06900014 e 1INM06900018

Tendo en conta que en relación con ambos expedientes está pendente a modificación do uso público no inventario de bens do concello de Ponte deume.



Tendo en conta o requirimento efectuado pola Deputación da Coruña no que en relación coa obra de "Reforma interior y mejora de la accesibilidad de Centro Social en Vizús", no que se establece a necesidade de aportar ao expediente o documento acreditativo no que se deixa constancia da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de dez anos.

Visto o informe técnico de dispoñibilidade emitido o día 12/04/2018 polo Arquitecto técnico municipal D. David Alvarez Ferreiro onde se indica que a actuación recollida no emplazamento e planta xeral do proxecto Reforma interior y mejora de la accesibilidad de Centro Social en Vizús", corresponde coa ficha do inventario 1INM06900018.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria municipal de data 19/09/2018 así como os antecedentes documentais que obran no expediente dos que se deixa constancia en dito informe.

Considerando a lexislación aplicable:

— Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

— Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local

— Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local

— Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio de las Administraciones Públicas

Esta Alcaldía propón para o seu **DITAME** para a Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA de ACORDO**:

PRIMEIRO: Incorporar na ficha de ben inmovible edificado do inventario municipal número 1INM06900017 Grupo Escolar Vilar Campolongo as seguintes observacións:

-Desafectado de uso educativo. Afectado a uso social para destinar a vivenda en réxime de aluguer

SEGUNDO: Incorporar na ficha de ben inmovible edificado do inventario municipal número 1INM06900014 Escola de Boebre as seguintes observacións:

-Desafectado de uso educativo. Afectado a uso social

TERCEIRO: Incorporar na ficha de ben inmovible edificado do inventario municipal número 1INM06900018 Grupo escolar Vizús-Centroña as seguintes observacións:

-Desafectado de uso educativo. Afectado a uso social

- Mellora: obra de "Reforma interior y mejora de la accesibilidad de Centro Social en Vizús", coa valoración de 230.601,91 euros.

- Financiada con cargo á Deputación provincial da Coruña a través do Convenio co concello de Pontedeume Reforma da antiga escola unitaria de Centroña CNV-C-OBR.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Afectada durante o prazo de 10 anos para a finalidade para a que é concedida a subvención para a execución da obra " Reforma interior y mejora de la accesibilidad de Centro Social en Vizús".

CUARTO: Incorporar a rectificación indicada nos puntos anteriores ás fichas correspondentes do inventario de bens en soporte papel e en soporte informático na aplicación www.inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/pontedeume, resultando o inventario de patrimonio do concello de Ponte deume aprobado definitivamente coa revisión parcial 1 do ano 2018, a resultas do que se acorde en acordos plenarios posteriores con respecto á totalidade das rectificacións anuais do exercizo.

QUINTO: Proceder á inscrición do ben coa observación introducida no Rexistro da Propiedade de Ponte deume.

SEXTO: Consignar a presente anotación na valoración do inventario de bens correspondente ao ano 2018, conforme ao establecido no Anexo 05.

QUINTO. Remitir copia do presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume, a 19 de setembro de 2018."

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos **por 4 votos a favor** dos/as concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dña. Ascensión María de Vicente Olarte, e do Grupo Municipal do BNG-AA(1): Dña. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que se trata de modificacións forzadas polo uso que se lle pretende dar aos bens, desgraciadamente, distinto do educativo, para facer uso dos recursos, como xa se está a facer. Da conta dos usos aos que irán destinados, para facer fronte ao acollemento de persoas con problemas de emerxencia social, no caso de Campolongo e para a conversión en local social no caso de Centroña, investimento, este último, financiado nun 80% pola Deputación da Coruña.

De seguido toma a palabra Dña. Ascensión de Vicente Olarte, quen asumindo a portavocía do Grupo Municipal do PP, cualifica de boa a iniciativa e anuncia o voto a favor do seu grupo.

A continuación, intervén Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, di que é de interese para a cidadanía o uso e disfrute dos bens polo que anuncia o voto a favor do seu grupo e recorda a iniciativa do seu grupo para o uso do local de Campolongo no momento da denominada "crise dos refuxiados".

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:



PRIMEIRO: Incorporar na ficha de ben inmoble edificado do inventario municipal número 1INM06900017 Grupo Escolar Vilar Campolongo as seguintes observacións:

-Desafectado de uso educativo. Afectado a uso social para destinar a vivenda en réxime de aluguer

SEGUNDO: Incorporar na ficha de ben inmoble edificado do inventario municipal número 1INM06900014 Escola de Boebre as seguintes observacións:

-Desafectado de uso educativo. Afectado a uso social

TERCEIRO: Incorporar na ficha de ben inmoble edificado do inventario municipal número 1INM06900018 Grupo escolar Vizús-Centroña as seguintes observacións:

-Desafectado de uso educativo. Afectado a uso social

- Mellora: obra de "Reforma interior y mejora de la accesibilidad de Centro Social en Vizús", coa valoración de 230.601,91 euros.

- Financiada con cargo á Deputación provincial da Coruña a través do Convenio co concello de Pontedeume Reforma da antiga escola unitaria de Centroña CNV-C-OBR.

- Afectada durante o prazo de 10 anos para a finalidade para a que é concedida a subvención para a execución da obra " Reforma interior y mejora de la accesibilidad de Centro Social en Vizús".

CUARTO: Incorporar a rectificación indicada nos puntos anteriores ás fichas correspondentes do inventario de bens en soporte papel e en soporte informático na aplicación www.inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/pontedeume, resultando o inventario de patrimonio do concello de Pontedeume aprobado definitivamente coa revisión parcial 1 do ano 2018, a resultas do que se acorde en acordos plenarios posteriores con respecto á totalidade das rectificacións anuais do exercizo.

QUINTO: Proceder á inscrición do ben coa observación introducida no Rexistro da Propiedade de Pontedeume.

SEXTO: Consignar a presente anotación na valoración do inventario de bens correspondente ao ano 2018, conforme ao establecido no Anexo 05.

QUINTO. Remitir copia do presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4.- CONTA XERAL DO EXERCIZO 2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE ACORDO

CONTA XERAL DO EXERCIZO DE 2017.

(Expediente TEdC: 2018/G006/000121)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 28.06.2018 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercicio 2017 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

1. BALANCE DE SITUACIÓN: 29.402.497,58 euros (activo e pasivo).

2. RESULTADO ORZAMENTARIO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	6.743.344,69
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	6.315.742,64
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	427.602,05
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	3.819,33
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0
Total dereitos recoñecidos	6.747.164,02
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	6.358.110,38
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	5.744.544,63
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	613.565,75
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	8.144,02
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0
Total obrigas recoñecidas	6.366.254,40
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	380.909,62
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	99.874,44
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	271.058,70
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	243.043,10
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	508.799,66

3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos	1.199.352,93
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	7.885.340,75
2.a. Do orzamento corrente	871.856,16
2.b. De orzamentos pechado	6.992.992,52
2.c. De operacións non orzamentarias	20.492,07
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	6.942.015,10
3.a. Do orzamento corrente	574.614,54
3.b. De orzamentos pechados	6.133.640,99
3.c. De operacións non orzamentarias	233.759,57
4. Partidas pendentes de aplicación	-10.717,25
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	149.037,82
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	138.320,57
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	2.131.961,33
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	725.296,30
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	228.752,41
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.177.912,62

4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:



CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados presupuesto 2017 (capítulos 1 a 7)	6.743.344,69
Créditos liquidados presupuesto 2017 (capítulos 1 a 7)	6.358.110,38
TOTAL (a – b)	385.234,31
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	0
2) Axustes recadación capítulo 2	-2.751,87
3) Axustes recadación capítulo 3	-892,19
4) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	444.429,77
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	826.020,02

5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO

Gasto computable	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	6.358.100,93
2. Axustes SEC (2017)	-444.429,77
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	5.913.671,16
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-1.114.197,78
6. Outros (investimentos financeiramente sostibles financiados con RTGG)	-24.382,27
6. Total Gasto computable Liquidación 2017	4.775.091,11

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº128 de 06.07.2017.

Visto que durante o dito prazo, máis oito días seguintes, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2017, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2017 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDA: Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente na data indicada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, dando conta da tramitación do expediente, ao que non se presentaron alegacións no periodo de exposición pública e que, por tanto, procede a aprobación definitiva.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido, intervén o concelleiro do PP, D. Andrés Pérez Pérez que se remite ao informe da intervención municipal en tanto aos reparos efectuados que afectan ás diversas aplicacións orzamentarias, tramitación de expedientes con omisión de fiscalización previa, relativos a contratación, axudas públicas e contratación de persoal; no que se refire aos ingresos: a necesidade de priorizar o control daqueles (dereitos pendentes de cobro...). No que respecta aos gastos, remítese ao indicado no propio informe sobre a necesidade de valorar o custo futuro das obras que se van realizar, a falla de relación da conta xeral co inventario municipal por cuestións de funcionamento das aplicacións utilizadas... Conclúe a súa intervención indicando que, polo exposto, non van votar a favor.

Concluída a intervención anterior, toma a palabra Dña. Ana Veira García e refírese ao tempo de mandato no que di, non se modificou nada do que se dixo que se ía modificar, poñendo como exemplo que algunhas das ordenanzas aínda están en pesetas, o non cumprimento da normativa..., e que por tanto, o contido dos informes segue a ser o mesmo: contratos menores que poderían estar en fraude de lei e outras anomalías que considera demasiadas. Dito isto e tendo en conta que dende o seu grupo non presentaron alegación algunha por escrito, anuncia que o sentido do voto do seu grupo será a abstención.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro entende que as argumentacións son válidas para o seguinte punto e fai referencia á situación dos contratos da etapa anterior que non foi posible regularizar, se ben indica que se segue coa intención de poder contratar conforme ao regulamentariamente establecido. Informa que xa chegou o borrador do prego dalgún deles, mantemento e alumeado público.... Sobre os dereitos pendentes de cobro di que a situación mellorou respecto a etapas anteriores, que se fixo no seu momento unha depuración das obrigas pendentes e fai referencia á situación do departamento, en tanto se ten que cubrir a praza de tesoureiro. Di que hai varios borradores para a modificación das ordenanzas e que se tratará de levar algunha ao pleno do mes de outubro para a súa actualización.

D. Andrés Pérez Pérez pregunta pola praza de Tesoureiro, ao que o Sr. Alcalde indica que hai que modificar a RPT.

Dña. Ana Veira García, pregunta se tendo en conta que a praza de Tesoureiro está determinada por lei, se hai que chegar a acordo cos sindicatos.

D. José Simoes Couceiro di que habería que convocar a mesa de negociación para dar conta. O Sr. Alcalde-Presidente apunta a outras prazas a incluír na modificación da RPT.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado; **2 votos en contra** da concelleira e concelleiro do Grupo Municipal do PP: Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e **2 abstencións** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2017, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercizo 2017 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración



desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDA: Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas.

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCION MUNICIPAL 90.2018 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EJERCICIO 2017 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCION MUNICIPAL 90.2018 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EJERCICIO 2017 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA.

(Expediente TEdC: 2018/G006/000140)

Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de contas, en sesión Extraordinaria celebrada o día 28.06.2018, do Informe da Intervención Municipal 90/2018 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2017 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa .da CONTA XERAL 2017.”, e en cumprimento do sinalado no artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:

“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.

Dáse conta ao Pleno do Informe da Intervención Municipal 90/2018 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2017 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa .da CONTA XERAL 2017.”

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente na data indicada na marxe.”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO F/2018/15. RATIFICACIÓN DA URXENCIA E INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Presidencia somete a votación da urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día da sesión, quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO DE RATIFICACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DE ACORDO

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. F/2018/15.

(Expediente TEdC: 2018/G006/000134)

Logo de ver a Providencia da Alcaldía do 19 de setembro relativa ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, incoando expediente para aprobación de facturas, correspondentes a servizos prestados no exercicio 2017, e achegadas ao rexistro de facturas da Intervención municipal no exercicio 2018 e incluídas na relación F/2018/15, e para as que non existía crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 para a súa tramitación,

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 147/2018, de asunto: “Fiscalización de facturas F/2018/15” asinado dixitalmente o 20 de setembro de 2018, que se xunta ao expediente.

Logo de ver a nota de disconformidade de Secretaría de data 24/09/2018 no que se advirte da falta de procedemento legalmente establecido.

Logo de ver que en ambos informes entre outros se sinala o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que na medida do posible se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios legislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requerimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas.

Sendo vontade deste goberno ir dando pasos hacia o cumprimento de todas as carencias sinaladas nos informes obrantes no expediente.

Tendo en conta que as facturas obxecto de tramitación se están achegando neste ano 2018 ao Concello e a necesidade de dar cumprimento aos prazos de pagamento

Tendo en conta ademais que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais e pagamento de xuros, sendo que o orzamento total do concello en 2017 ascendía a 9.416.458,62 euros e as obrigas recoñecidas a 6.366.254,40 euros, polo que, de ter chegado anteriormente ao rexistro de facturas de intervención poderían terse tramitado logo de terse realizado a correspondente modificación orzamentaria, o que non se pudo realizar por non achegarse as facturas en prazo



Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe de por importe total de 2.235,12 euros, segundo o seguinte:

Nº Entrada	Data	Nº documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog r	Econ
F/2018/1672	26/06/18	FE17137024201583	10/12/17	200,93 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CURIO. AL. PUBL. ES0397000005801595AS1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1673	26/06/18	FE17137024383874	13/12/17	70,46 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CRUCEIRO. AL. PUBL. ES0022000007573345SF1P. 07-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1675	26/06/18	FE17137025117561	21/12/17	76,94 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CORNIDE. AL. PUBL. ES0022000007327636GF1P. De 26-10-2017 a 24-11-2017	165	22100
F/2018/1676	26/06/18	FE17137018981077	28/09/17	52,89 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CORNIDE. AL. PUBL. ES0022000007327636GF1P 26-08-2017 a 25-09-2017	165	22100
F/2018/1677	26/06/18	FE17137023983033	06/12/17	62,52 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. A GRAÑA. AL. PUBL. ES0397000005802565EL1P 07-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1678	26/06/18	FE17137024198499	10/12/17	43,68 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. PARGA. AL. PUBL. ES0397000005801957LD1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1679	26/06/18	FE17137021245967	29/10/17	67,64 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CORNIDE AL. PUBL. ES0022000007327636GF1P. 26-09-2017 a 25-10-2017	165	22100
F/2018/1680	26/06/18	FE17137024199232	10/12/17	21,83 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CALDAGUEIRO. DEPORTES. ES0397000005802319NA1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	341	22100
F/2018/1681	26/06/18	FE17137023983594	06/12/17	81,52 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. A ORELA. AL. PUBL. ES0397000005802829BF1P. 07-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1682	26/06/18	FE17137023999207	06/12/17	102,46 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. BARRAL DE ARRIBA AL. PUBL. ES0397000005802349JX1P. 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1683	26/06/18	FE17137024163288	10/12/17	255,43 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CAMIÑO VELLO. AL. PUBL. ES0022000004989290CW1P 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1684	26/06/18	FE17137024172664	10/12/17	118,25 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. XABROAL. AL. PUBL. ES0397000005801997KA1P. 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1685	26/06/18	FE17137024176555	10/12/17	240,02 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CAMPOLONGO. AL. PUBL. ES0022000007631814GX1P. 07-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1686	26/06/18	FE17137024178708	10/12/17	218,26 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CHAO DE VILAR AL. PUBL. ES0022000007106379KX1P. 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1687	26/06/18	FE17137024185918	10/12/17	180,30 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. VENTOSA. AL. PUBL. ES0397000005802227PA1P. 08-11-2017 a 02-12-2017	165	22100
F/2018/1688	26/06/18	FE17137024186904	10/12/17	104,57 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. ALLON. CENTROÑA. AL. PUBL. ES0397000005802120AB1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1689	26/06/18	FE17137024189602	10/12/17	62,28 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. VIZUS. ENSINANZA. ES0397000005802273XA1P. 08-11-2017 a 02-12-2017	323	22100
F/2018/1690	26/06/18	FE17137024200269	10/12/17	20,91 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. AR. AL. PUBL. ES0022000007126989CN1. 11-11-2017 a 01-12-2017	165	22100
F/2018/1691	26/06/18	FE17137024209252	10/12/17	254,23 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. A BARROSA. AL. PUBL. ES0397000005801850ZV1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente na data indicada na marxe."

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que se trata de facturas de Gas Natural que chegaron no mes de xuño e que o “recoñecemento” é a única forma para a súa tramitación.

Toma a palabra D. Andres Pérez Pérez. O concelleiro do Grupo Municipal do PP di que os servizos facturados e realizados hai que pagalos. Dito isto, fai referencia a que non hai consignación orzamentaria nin procedemento de contratación do servizo, en alusión ao contido do informe e o reparo da intervención municipal. Pregunta en que estado se atopa o prego existente, que era necesario actualizar.

De seguido intervén Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG fai referencia ás facturas que compoñen o expediente, que son do ano pasado e de Gas Natural. Recorda que nun pleno de hai uns meses se falou dos prazos de presentación das facturas aos que se teñen que acoller as empresas e ás posibles dificultades para as persoas autónomas, non sendo este o caso polo que considera que, unha empresa deste tipo, ten que saber cales son as súas obrigas. Fai referencia ao contido dos informes expedientes, no relativo á necesidade de contratar os servizos en aras de cumprir a lei e que por tanto, non lle parece procedente, anunciando o voto en contra do seu grupo.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro, que recorda que o subministro de electricidade non se ten licitado en ningún momento e que se están vendo as vías para a contratación, unha delas, por medio da central de contratación da FEMP. Indica que hai un período de prescrición para non pagar as facturas e di que xa se lle ten trasladado ao representante da empresa que non poden facturar cando lles dea a gana. Xustifica a necesidade do expediente xa que se trata de facturas do ano 2017 que entraron no mes de xuño e que, realizado o subministro, de non pagar, poderíase incorrer en enriquecemento ilícito da administración. Da conta da sentenza favorable ao concello no Contencioso que tiña presentado a empresa.

Intervén Dna. Ana Veira García que celebra que se gañara o contencioso, que a súa labor é a de fiscalización do actual goberno e di que lle gustaría recordar as propostas que houbo en diferentes plenos, incluso mediante a presentación de mocións, para que se fixeran contratacións con outro tipo de empresas (fomento de enerxías renovables, políticas comprometidas co medio ambiente...) e que estas propostas tiveron o voto a favor do PSOE. Conclúe a súa intervención facendo referencia aos compromisos adquiridos polo Goberno durante o mandato.

Pecha o debate o Sr. Alcalde-Presidente, quen aclara que o subministro eléctrico se contratará mediante a central de contratación da FEMP ou mediante prego propio e que, non dixo que o único criterio sería o prezo.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; **4 votos en contra** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do Grupo Municipal do PP (2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do Grupo Municipal do BNG (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e aos motivos expostos



SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe de por importe total de 2.235,12 euros, segundo o seguinte:

Nº Entrada	Data	Nº documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog r	Econ
F/2018/1672	26/06/18	FE17137024201583	10/12/17	200,93 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CURIO. AL. PUBL. ES0397000005801595AS1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1673	26/06/18	FE17137024383874	13/12/17	70,46 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CRUCEIRO. AL. PUBL. ES0022000007573345SF1P. 07-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1675	26/06/18	FE17137025117561	21/12/17	76,94 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CORNIDE. AL. PUBL. ES0022000007327636GF1P. De 26-10-2017 a 24-11-2017	165	22100
F/2018/1676	26/06/18	FE17137018981077	28/09/17	52,89 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E CORNIDE. AL. PUBL. ES0022000007327636GF1P 26-08-2017 a 25-09-2017	165	22100
F/2018/1677	26/06/18	FE17137023983033	06/12/17	62,52 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. A GRAÑA. AL. PUBL. ES0397000005802565EL1P 07-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1678	26/06/18	FE17137024198499	10/12/17	43,68 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. PARGA. AL. PUBL. ES0397000005801957LD1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1679	26/06/18	FE17137021245967	29/10/17	67,64 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CORNIDE AL. PUBL. ES0022000007327636GF1P. 26-09-2017 a 25-10-2017	165	22100
F/2018/1680	26/06/18	FE17137024199232	10/12/17	21,83 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CALDAGUEIRO. DEPORTES. ES0397000005802319NA1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	341	22100
F/2018/1681	26/06/18	FE17137023983594	06/12/17	81,52 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. A ORELA. AL. PUBL. ES0397000005802829BF1P. 07-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1682	26/06/18	FE17137023999207	06/12/17	102,46 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. BARRAL DE ARRIBA. AL. PUBL. ES0397000005802349X1P. 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1683	26/06/18	FE17137024163288	10/12/17	255,43 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E CAMIÑO VELLO. AL. PUBL. ES0022000004989290CW1P 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1684	26/06/18	FE17137024172664	10/12/17	118,25 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. XABROAL. AL. PUBL. ES0397000005801997KA1P. 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1685	26/06/18	FE17137024176555	10/12/17	240,02 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CAMPOLONGO. AL. PUBL. ES0022000007631814GX1P. 07-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1686	26/06/18	FE17137024178708	10/12/17	218,26 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. CHAO DE VILAR AL. PUBL. ES0022000007106379KX1P. 01-11-2017 a 30-11-2017	165	22100
F/2018/1687	26/06/18	FE17137024185918	10/12/17	180,30 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. VENTOSA. AL. PUBL. ES0397000005802227PA1P. 08-11-2017 a 02-12-2017	165	22100
F/2018/1688	26/06/18	FE17137024186904	10/12/17	104,57 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. ALLON. CENTROÑA. AL. PUBL. ES0397000005802120AB1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100
F/2018/1689	26/06/18	FE17137024189602	10/12/17	62,28 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. VIZUS. ENSINANZA. ES0397000005802273XA1P. 08-11-2017 a 02-12-2017	323	22100
F/2018/1690	26/06/18	FE17137024200269	10/12/17	20,91 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E. AR. AL. PUBL. ES0022000007126989CN1. 11-11-2017 a 01-12-2017	165	22100
F/2018/1691	26/06/18	FE17137024209252	10/12/17	254,23 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E A BARROSA. AL. PUBL. ES0397000005801850ZV1P. 08-11-2017 a 03-12-2017	165	22100

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

ASUNTO FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia propónse, para o seu tratamento pola vía de urxencia, o asunto seguinte:

- CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE: 2016/C003/000001

O Sr. Presidente somete a votación a ratificación da urxencia, coa conseguinte inclusión do asunto na orde do día para a adopción do respectivo acordo, de ser o caso, quedando

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE dos/as membros presentes.

De seguido, procédese a tratar o asunto, coa lectura por parte da Sra. Secretaria da proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE: 2016/C003/000001

(EXPEDIENTE TEDEC 2018/G006/000145)

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o expediente incoado para a contratación das obras do proxecto para “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume” redactado polo arquitecto D. Manuel Carbajo Capeáns e D. Celso Barrios Ceide e presentado o día 30 de outubro de 2015 (RE nº 6512) cun prazo de execución de 13 meses.

Visto que por acordo do Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 30/06/2016 se acorda a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación das obras “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume”.

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente de data 8/11/2016 se acorda a clasificación de ofertas e proposta de adxudicación do expediente de contratación para a adxudicación das obras “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume”.

Presentada a documentación solicitada e garantía definitiva e complementaria por importe total do 10% do importe de adxudicación sen IVE, logo da emisión dos informes preceptivos, por acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxentede data 14/11/2016 adxudicouse á empresa “Acciona Infraestructuras, S.A.” como autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación o contrato de obra “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume” nos seguintes termos:

	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	OFERTA TOTAL (IVE incluído)
	1.049.480,43 €	220.390,89 €	1.269.871,32 €
	PLAN DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO		
Acciona Infraestructuras, S.A.	Comprométese a financiar, ademais do 1% obrigatorio, o 3% sobre o presuposto de execución material da obra (cláusula 12.3.2 e 29 do prego)		
	PRAZO DE EXECUCIÓN E REDUCIÓN DE PRAZO		
	Ofrece un prazo de execución de 240 DÍAS NATURAIS, o que supón unha redución de 150 días naturais con respecto ao prazo de execución recollido no proxecto.		

Consta contrato administrativo asinado o día 14.11.2016.



Consta acta de comprobación do replanteo positiva para o inicio dos traballos asinada o día 22.11.2016.

Consta acta de suspensión temporal parcial asinada o día 3/03/2017 debido ao estado da estrutura da cuberta do edificio do Mercado de Pontedeume, impedindo realizar os traballos contemplados no proxecto tanto no edificio interior como no porche exterior.

Visto o proxecto de “Reparación de deficiencias na cuberta do Mercado municipal de Pontedeume” redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez en setembro de 2017. Consta Decreto de Alcaldía nº 754 de 12/12/2017 polo que se aproba o proxecto de obra.

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente de data 9/02/2018 se aproba o expediente de contratación para a adxudicación das obras incluídas no proxecto técnico “Reparación de deficiencias na cuberta do Mercado municipal de Pontedeume”.

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria urxente de data 13/03/2018 adxudicou á empresa Acciona Construcción, S.A. a obra complementaria para “Reparación de deficiencias na cuberta do Mercado municipal de Pontedeume”.

Consta contrato administrativo asinado o día 14.03.2018 para obra complementaria para “Reparación de deficiencias na cuberta do Mercado municipal de Pontedeume”.

Consta acta de comprobación do replanteo positiva para o inicio dos traballos da obra complementaria para “Reparación de deficiencias na cuberta do Mercado municipal de Pontedeume” asinada o día 18.04.2018.

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente se acorda iniciar o expediente de modificación do proxecto de obra “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” redactado en outubro de 2015, debido ás circunstancias obxectivas de tipo xeolóxico que fan inadecuado o mesmo para as obras de referencia manifestadas unha vez se realizan, en fase de execución, os estudos de grietas das edificacións lindadeiras e as campañas xeolóxicas exhaustivas que determinan datos máis desfavorables dos previstos inicialmente e dos que se podían estimar na fase de redacción do proxecto, de conformidade co establecido no informe técnico da Dirección de Obra de data 18/01/2018.

Visto o “Proxecto básico e de execución modificado de Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrio Ceide en marzo de 2018.

Visto que mediante acordo do Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 26/04/2018 se acorda aprobar a solución técnica recollida no “Proxecto básico e de execución modificado de Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrio Ceide en marzo de 2018 e aprobar inicialmente dando conformidade á modificación do contrato de obras para “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume”.

Consta contrato administrativo asinado o día 30/04/2018 para Proxecto básico e de execución modificado de Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrio Ceide en marzo de 2018.

Visto o escrito con data de rexistro de entrada no Concello 21.09.2018 (nre 4307) da empresa Acciona Construcción, S.L. polo que solicita unha ampliación do prazo final para a execución das obras en 4 meses e unha semana ata o 11 de febreiro 2019 por causas obxectivas non imputables ao contratista.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal e director de execución das obras, David Álvarez Ferreiro de 26.09.2018 polo que se informa favorable a ampliación do prazo de execución por xustificarse o retraso no cumprimento do contrato por causas non imputables ao

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

contratista e visto que o proxecto é único e indivisible para toda a obra e o prazo solicitado de prórroga é claramente inferior o que podería solicitar polo retraso da obra, de acordo cos datos que se relacionan e que figuran no expediente.

De conformidade co artigo 213 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que establece:

“2. Si el retraso fuese producido por motivos no imputables al contratista y éste ofreciera cumplir sus compromisos dándole prórroga del tiempo que se le había señalado, se concederá por la Administración un plazo que será, por lo menos, igual al tiempo perdido, a no ser que el contratista pidiese otro menor.”

De conformidade co establecido no artigo 100 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que establece:

“1. La petición de prórroga por parte del contratista deberá tener lugar en un plazo máximo de quince días desde aquél en que se produzca la causa originaria del retraso, alegando las razones por las que estime no le es imputable y señalando el tiempo probable de su duración, a los efectos de que la Administración pueda oportunamente, y siempre antes de la terminación del plazo de ejecución del contrato, resolver sobre la prórroga del mismo, sin perjuicio de que una vez desaparecida la causa se reajuste el plazo prorrogado al tiempo realmente perdido.

Si la petición del contratista se formulara en el último mes de ejecución del contrato, la Administración deberá resolver sobre dicha petición antes de los quince días siguientes a la terminación del mismo. Durante este plazo de quince días, no podrá continuar la ejecución del contrato, el cual se considerará extinguido el día en que expiraba el plazo previsto si la Administración denegara la prórroga solicitada, o no resolviera sobre ella”.

En virtude do establecido na Disposición Adicional Segunda do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público

En virtude do anteriormente exposto, esta Alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno ordinario convocado para o día 27 de setembro do 2018, debido á necesaria tramitación do expediente de ampliación do prazo para a execución das obras para “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume” e dada a competencia plenaria da contratación por razón da porcentaxe do orzamento de licitación así como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa convinte para o interese público tratar o presente asunto no prazo máis breve posible e non dilatar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de outubro a adopción do acordo de ampliación do prazo de execución das obras, xa que non puido ser incluído na orde do día do Pleno ordinario do mes de setembro, xa que non se atopaba o expediente concluído no momento da súa convocatoria, pois aínda que a solicitude da empresa Acciona Construcción, S.A. ten rexistro de entrada no Concello de data 21/09/2018, o informe por parte do director de execución da obra referente á ampliación do prazo emítese o día 26/09/2018. De ahí e tendo en conta o establecido no artigo 100 do Real decreto 1098/2001 “Si la petición del contratista se formulara en el último mes de ejecución del contrato, la Administración deberá resolver sobre dicha petición antes de los quince días siguientes a la terminación del mismo. Durante este plazo de quince días, no podrá continuar la



ejecución del contrato, el cual se considerará extinguido el día en que expiraba el plazo previsto si la Administración denegara la prórroga solicitada, o no resolviera sobre ella”, motivase así a declaración da urxencia do expediente.

SEGUNDO.- *Conceder a ampliación do prazo para a execución da obra “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” á empresa Acciona Construcción, S.A. por un prazo de catro meses e unha semana, ata o día 11.02.2019.*

TERCEIRO.- *Requirir á empresa Acciona Construcción, S.A. para que presente un novo Programa de traballo adaptado á nova data da finalización prevista e que substituirá ao que rixe na actualidade.*

CUARTO.- *Notificar o presente acto administrativo á empresa Acciona Construcción, S.A. para os efectos oportunos.*

QUINTO.- *Dar traslado do presente acto administrativo aos departamentos de Urbanismo e Intervención para os efectos oportunos.*

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume á data sinalada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, entendendo que a proposta está xustificada.

As señoras portavoces dos Grupos Municipais do PP e do BNG indican que non teñen nada que dicir ao respecto.

Concluídas as intervencións e tendo en conta que previamente se ten adoptado o acordo relativo á ratificación da urxencia e á inclusión do asunto na orde do día, contido do punto primeiro da proposta, sométese a votación a proposta de acordo propiamente dita, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- *Conceder a ampliación do prazo para a execución da obra “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume” á empresa Acciona Construcción, S.A. por un prazo de catro meses e unha semana, ata o día 11.02.2019.*

SEGUNDO.- *Requirir á empresa Acciona Construcción, S.A. para que presente un novo Programa de traballo adaptado á nova data da finalización prevista e que substituirá ao que rixe na actualidade.*

TERCEIRO.- *Notificar o presente acto administrativo á empresa Acciona Construcción, S.A. para os efectos oportunos.*

CUARTO.- *Dar traslado do presente acto administrativo aos departamentos de Urbanismo e Intervención para os efectos oportunos.*

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS (BNG) EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS.

A Presidencia da a palabra á portavoz do Grupo Municipal do BNG, que da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio. Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser apropiada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos.
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses.
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses.



- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que truncou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é unha esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.**
- 2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.**
- 3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.**
- 4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.**
- 5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña."**

A Presidencia abre a quenda para o debate.



Toma a palabra a portavoz do Grupo propoñente da moción. Dna. Ana Veira García remítese ao contido da exposición de motivos e que o obxectivo da acción é que a propiedade redunde no ben público, a favor de toda a cidadanía e que se non se fixo antes, en algún momento hai que facelo. Pide o voto favorable á moción en aras da solidariedade coa xente que da pasos para facelo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte, no exercizo da portavocía do Grupo Municipal do PP anuncia a presentación por parte do seu grupo dunha emenda transaccional, unha vez feitas unhas aclaracións ao respecto dos puntos do acordo. Di que non van manifestar o seu rexeitamento a ningunha demanda xa que iso correspóndelle aos órganos xudiciais; que non conten con eles para avalar as argumentacións da exposición de motivos, en tanto que non lles consta que haxa probas de que se faga apoloxía do franquismo durante as visitas ao pazo e que a información que teñen é a que se publica nos medios de comunicación, tamén coñecida polo Ministerio Fiscal, ante o que non lle constan que se tiveran elevado denuncias sobre o particular. Remítese ao acordo parlamentario en setembro de 2017 no que se procuraba a incorporación ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, sen un novo custo para o pobo de Galicia, acordo que recollía o sentir xeral da sociedade galega e para o que dende a Consellaría se iniciaba un procedemento que estudou a incorporación ao patrimonio público de meirás e seguiu a súa propia folla de ruta para lograr o obxectivo, tendo en conta a complexidade xurídica do caso e do que derivou a emisión dun informe aprobado polo parlamento por unanimidade en xullo de 2018, do que se deu traslado ao Ministerio de Xustiza.

Concluída a intervención, propón a emenda transaccional que de seguido se transcribe:

“O pleno do concello de Pontedeume

- 1. Adhírese aos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia nos que se declara a súa vontade de que a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia.*
- 2. Insta á Administración Xeral do Estado a que realice as accións legais ás que fai referencia na súa conclusión final o informe da Comisión de expertos nomeados polo Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co obxecto de reintegrar a propiedade das torres ou pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración xeral do Estado.*
- 3. Insta á Xunta de Galicia, en canto sexa exercitada esa acción legal, a incorporarse ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.”*

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García quen di que a transaccional proposta non ten nada que ver coa moción. Fai a proposta de que a presenten como moción con eses puntos, xa que non é o que ela entende por transacción.

Dende a Presidencia pregúntase se se rexeita á emenda.

A portavoz do Grupo Municipal do BNG di que si, que se rexeita.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, no exercizo da portavocía do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que intervéñ para diferenciar os temas sobre os que se está a falar, primeiro, a titularidade do pazo e outro, o apoio a estas persoas. Entende que a reivindicación que se fai, dar o apoio a esas persoas, pódese facer. Dito isto, di non compartir as afirmacións da exposición de motivos ao respecto da xudicatura.

Dende a Presidencia, ante a posibilidade de modificación da exposición de motivos, coa supresión do contido penúltimo parágrafo da exposición de motivos que se transcribe: *Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que*

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime, e a aceptación por parte do grupo propoñente, propónse un receso, levantándose a sesión ás 13h16min.

Sendo as 13h22min, reanúdase a sesión.

Reanudada a sesión, dende o Grupo Municipal do BNG acéptase a supresión do dito parágrafo.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado; e do Grupo Municipal do BNG (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **2 votos en contra** das persoas que integran o Grupo Municipal do PP (2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

ACORDO

1. *Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.*
2. *Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.*
3. *Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.*
4. *Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.*
5. *Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña."*

8.-DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 125.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (SEGUNDO TRIMESTRE 2018)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN



DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 125.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (SEGUNDO TRIMESTRE 2018)

(Expediente TEdC: 2018/G006/000141)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

